

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 20 de maio de 2011.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable e posto á disposición dos vogais do CGE con data 3 de xullo de 2013, na plataforma habilitada ao respecto.

## **Modificación do proxecto técnico da operación: 25-601 Estatística de protección de menores**

**Con data 3 de xullo de 2013, recibíuse unha comunicación do organismo responsable (a través do órgano estatístico sectorial) da Consellería de Traballo e Benestar para modificar o proxecto técnico presentado ante o pleno do CGE 0 20 de maio de 2011. Dita modificación consiste en substituír algunha información proporcionada pola estatística, para adaptala aos novos programas realizados, segundo explican na súa comunicación:**

“(...) co obxecto de reflectir a realidade actual dos programas de protección de menores e mellorar a calidade da información ofrecida, introducíranse os seguintes cambios no boletín correspondente ao ano 2012:

- Suprímese o *Programa de axudas de prevención e apoio ás familias* e o *Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)*, que ocupaban os puntos 5.3 e 5.4 do boletín do 2011. En ambos casos trátase de programas xa non existentes nesta Dirección Xeral.
- No seu lugar, introdúcese dous novos programas: como punto 5.3 o *Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo*, e como punto 5.4 o *Programa de intervención ambulatoria con adolescentes*.
- Introdúcese pequenos cambios na estrutura das táboas 3.1 e 3.5 (Acollemento familiar) para reflectir mellor a distribución dos menores beneficiados segundo o sexo.
- Introdúcese igualmente a variable “sexo” na táboa 5.2.1 do *Programa de Integración familiar*.
- Nas táboas 7.1 a 7.4 (Liña de atención á infancia) engádense datos relativos a chamadas con orixe non identificado nalgunha das catro provincias galegas, posto que forman parte do conxunto de chamadas atendidas desde o servizo.”

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de  
Estatística do día 20 de maio de 2011

# 25201 Estatística de protección de menores

## PROXECTO TÉCNICO

### ÍNDICE

<b>Introdución</b> .....	3
<b>Normativa</b> .....	3
<b>Organización</b> .....	4
<b>Unidades estatísticas</b> .....	5
<b>Menores tutelados</b> .....	5
<b>Menores en situación de garda</b> .....	5
<b>Acollemento e menores acollidos</b> .....	6
<b>Adopción e menores adoptados</b> .....	7
<b>Programas de apoio e beneficiarios</b> .....	8
<u>Atención de día</u> .....	8
<u>Programa de Integración familiar (PIF)</u> .....	8
<u>Programa de axudas a de prevención e apoio a familias en situacións carenciais ..</u> <u>graves para a preservación dos menores no seu medio</u> .....	8
<u>Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)</u> ...	8
<u>Programa de inserción socio laboral de menores (Mentor)</u> .....	8
<b>Menores estranxeiros non acompañados (MENAS)</b> .....	8
<b>Teléfono de axuda á infancia</b> .....	9
<b>Variabes</b> .....	10
<b>Menores tutelados</b> .....	10
<b>Menores en situación de garda</b> .....	10
<b>Acollemento e menores acollidos</b> .....	10
<i>Acollemento familiar</i> .....	10
<i>Acollemento residencial</i> .....	11
<b>Adopción e menores adoptados</b> .....	11
<i>Adopcións nacionais</i> .....	11
<i>Adopcións internacionais</i> .....	12
<b>Programas de apoio</b> .....	12
<i>Atención de día</i> .....	12
<i>Programa de Integración familiar</i> .....	12
<i>Programa de axudas a de prevención e apoio a familias en situacións .....</i>	13
<i>carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio</i> .....	13

<i>Pr. de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)</i> ...	13
<i>Programa de inserción socio laboral de menores (Mentor)</i> .....	13
Menores estranxeiros non acompañados.....	13
Teléfono de axuda á infancia .....	14
<b>Procesamento de datos</b> .....	16
Menores tutelados .....	16
Menores en situación de garda.....	17
Acollemento e menores acollidos .....	18
<i>Acollemento familiar</i> .....	18
<i>Acollemento residencial</i> .....	19
Adopción e menores adoptados.....	20
<i>Adopción nacional</i> .....	20
<i>Adopción internacional</i> .....	22
Programas de apoio .....	25
<i>Programa de axudas a de prevención e apoio a familias en situacións</i> .....	
<i>carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio</i> .....	25
<i>Outros programas de apoio</i> .....	26
Teléfono da Infancia .....	27
<b>Deseño da explotación dos datos do rexistro</b> .....	28
Ámbito xeográfico: provincia.....	28
Ámbito temporal: ano de referencia .....	28
Listado de táboas .....	28
<u>Menores tutelados</u> .....	28
<u>Menores en situación de garda</u> .....	28
<u>Acollemento e menores acollidos</u> .....	29
<i>Acollemento familiar</i> .....	29
<i>Acollemento residencial</i> .....	29
<u>Adopción e menores adoptados</u> .....	29
<i>Adopcións nacionais</i> .....	29
<i>Adopcións internacionais</i> .....	29
<u>Programas de apoio</u> .....	30
<u>Atención de día</u> .....	30
<u>Programa de Integración familiar</u> .....	30
<u>Programa de axudas a de prevención e apoio a familias en situacións</u> .....	
<u>carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio</u> .....	30
<i>Pr. de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)</i> ..	30
<i>Programa de inserción socio laboral de menores (Mentor)</i> .....	30
<u>Menores estranxeiros non acompañados</u> .....	30
<u>Teléfono de axuda á infancia</u> .....	30

<b>Anexos .....</b>	<b>32</b>
<b>Anexo I: Modelos de solicitud.....</b>	<b>32</b>
<b>Anexo II: ECAI habilitadas en Galicia .....</b>	<b>32</b>

# 25201 Estatística de protección de menores

## PROXECTO TÉCNICO

### Introdución

A estatística de protección de menores recolle os datos principais referidos aos expedientes de menores que están baixo a acción protectora da Xunta de Galicia que poden resultar de interese. Os datos refírense a tutelas, gardas, acollemento familiar e residencial, adopción nacional e internacional, menores estranxeiros non acompañados e varios programas destacados de atención a familias e a menores en situación de risco ou desamparo.

### Normativa

En primeiro lugar, a normativa internacional aplicable é:

- Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada por Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE nº 313, do 31 de decembro de 1990).
- Convenio relativo á protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional. A Haia, 29 de maio de 1993. Ratificado por Instrumento de 30 de xuño de 1995 (BOE nº 182, do 1 de agosto de 1995).

En segundo lugar, a normativa estatal aplicable é:

- Código Civil do 29 de xullo de 1889 (Arts. do 109 ao 111, do 160 ao 180, 201, 215, 216, do 222 ao 233, 239, 242 e do 259 ata o 285).
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (BOE nº 15, do 17 de xaneiro de 1996).
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (Arts. 35 e 36). (BOE nº 10, do 12 de xaneiro de 2000). Modificada por Lei Orgánica 2/2009, do 11 de decembro (BOE nº 299, do 12 de decembro de 2009)
- Real Decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social (Arts. 92, 93 e 94) (BOE nº 6, do 7 de xaneiro de 2005).
- Lei 54/2007, de 28 de decembro, de adopción internacional (BOE nº 312, do 29 de decembro).

Máis especificamente, en terceiro lugar, a normativa autonómica está composta por:

- Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia (DOG nº 118, do 20 de xuño de 1997). Modificada no seu artigo 33.1.a) por Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas (DOG nº 251, do 29 de decembro de 2003).

- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2006).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG nº 45, do 6 de marzo de 2000). Modificado por Decreto 406/2003, do 29 de outubro (DOG nº 222, de 14 de novembro de 2003) e polo Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia (DOG nº 169 do 2 de setembro de 2008).
- Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, do 16 de agosto de 2005).
- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais (DOG nº 147, do 31 de xullo de 2007).
- Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 123, 25 de xullo de 2009). Modificado por Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro (DOG nº 24, do 4 de febreiro de 2011)
- Orde do 11 de febreiro de 2009 pola que se establecen e se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio (DOG n.º 40, do 26.02.2009).

## **Organización**

A Consellería de Traballo e Benestar, de acordo co artigo 1 do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece súa estrutura orgánica asume, entre outras, competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores e benestar social. En concreto, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, leva a cabo a xestión, coordinación e control dos programas, servizos e centros dedicados aos menores en situación de risco ou desamparo.

O órgano responsable de xestionar estas materias é a Subdirección Xeral de Familia e Menores, dependente da Consellería de Traballo e Benestar na Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

As responsables da recollida da información son as xefaturas territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

A explotación dos datos e a elaboración da estatística corre a cargo da Subdirección Xeral de Familia e Menores.



## **Unidades estatísticas**

### **Menores tutelados**

Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia. A asunción da tutela atribuída á Entidade Pública leva consigo a suspensión da patria potestade. Así mesmo, leva implícita a garda da persoa menor por parte da entidade pública.

Enténdese por desamparo a situación que se produce de feito por mor do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia.

Consideraranse situacións de desamparo:

- a) O abandono da persoa menor.
- b) A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou de terceiros con consentimento destas.
- c) A indución á mendicidade, delincuencia ou prostitución.
- d) A drogadicción ou o alcoholismo habitual da persoa menor con consentimento ou coa tolerancia dos pais, nais ou gardadores.
- e) O trastorno mental graves dos pais, nais ou gardadores que impida o normal exercicio da patria potestade ou da garda.
- f) A convivencia nun medio socio familiar que deteriore gravemente a integridade moral do neno ou nena ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- g) A falta de persoas ás cales lles corresponde exercer as funcións de garda ou cando estas persoas estean imposibilitadas para exercelas ou en situación de exercelas con perigo grave para o neno ou nena.

### **Menores en situación de garda**

Á entidade pública de protección de menores correspóndelle a garda das persoas menores das que teña asumida a tutela.

Ademais, cando os pais, nais, titores ou titoras, por circunstancias graves, cumpridamente avaliadas, non poidan coidar o ou a menor, poden solicitar da Xunta de Galicia que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario.

Así mesmo, a Xunta de Galicia asumirá a garda cando así o acorde o xuíz.

Nesta unidade estatística só se reflicten as dúas últimas (garda rogada e xudicial) xa que a primeira enténdese incluída dentro da unidade “menores tutelados”.

A garda asumida pola administración, sexa como función inherente á tutela, a petición dos pais ou por resolución xudicial, exércese mediante o acollemento familiar e o acollemento residencial.

### **Acollemento e menores acollidos**

O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor, e consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora (acollemento familiar) ou no seu aloxamento e atención nun centro axeitado (acollemento residencial). A familia ou persoa acolledora ten a obriga de velar polo neno ou nena, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

Os principios de actuación no acollemento son:

- a) Darlle prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial.
- b) Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns.
- c) Favorecer a permanencia do menor no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza na familia extensa.

Existen dous tipos de acollemento: o acollemento familiar e o acollemento residencial.

Acollemento familiar: mediante este tipo de acollemento outórgase a garda dun menor a unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coidalo, alimentalo, educalo por un tempo co fin de integralo nunha vida familiar que substitúa ou complementa temporalmente á súa familia biolóxica.

O acollemento residencial comporta o ingreso dun/dunha menor nun centro residencial de titularidade da comunidade autónoma ou dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia.

Ten carácter subsidiario do acollemento familiar e das demais medidas de protección. Isto significa que só se poderá aplicar esta medida cando se esgotaren todas as posibilidades de mantemento da ou do menor na súa familia e o acollemento familiar, a tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren inapropiados.

Esta medida manterase polo tempo estritamente necesario, procurándose a integración da ou do menor no contorno social e o acceso aos sistemas ordinarios educativos, sanitarios, laborais e outros.

Nesta unidade estatística non se recollen os acollementos preadoptivos, que son os constituídos como paso previo á adopción e mediante os que ten lugar un período de

convivencia entre o menor e a familia asignada co obxectivo de valorar o acoplamento entre ambas as dúas partes.

Por outra banda, nesta unidade trataremos as seguintes unidades de análise:

- No acollemento familiar: menores acollidos e familias acolledoras.
- No acollemento residencial: menores acollidos, centros residenciais e prazas existentes

### **Adopción e menores adoptados**

A adopción diferénciase segundo sexa nacional ou internacional.

Adopción nacional: constitúe o acto xurídico mediante o que se establece unha relación xurídica de filiación entre os adoptantes e o/a menor, extinguíndose así os vínculos deste/a coa súa familia de orixe, e integrándose plenamente no seu novo núcleo familiar cunha equiparación plena de dereitos coa familia biolóxica. r.

Na nosa Comunidade Autónoma os menores susceptibles de seren adoptados son tutelados pola Xunta de Galicia, quen se encarga de propoñer a adopción ao xuíz.

A adopción internacional ten lugar cando se produce un traslado dun menor con fins adoptivos dende o seu estado de orixe, onde reside, cara a outro estado no que residen os pais adoptivos. Na adopción dun menor de orixe estranxeira intervén, ademais da lexislación española, a do país de orixe do neno ou nena.

A adopción conxuga dúas unidades de análise: os expedientes de adopción nos que a Secretaría Xeral de Familia e Benestar participa na súa tramitación e os menores aos que se refiren ditos expedientes.

### **Programas de apoio e beneficiarios.**

Un dos principios reitores que deben rexer as actuacións dos poderes públicos na protección da infancia e da adolescencia é a integración socio familiar dos nenos, nenas e adolescentes, garantindo, sempre que sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e contorno comunitario.

Para conseguilo, ademais de adoptar, se procede, as medidas de tutela ou garda, os servizos especializados de protección da infancia da Consellería de Traballo e Benestar, desenvolven os seguintes programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias:

#### Atención de día

Mediante o programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco, desamparo ou conflito social, un servizo de apoio socio educativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización. O programa de atención de día desenvólvese en

equipamentos de uso exclusivo para esta finalidade ou ben en unidades específicas existentes en equipamentos de acollemento residencial..

As unidades de análise son: menores beneficiarios, centros existentes e prazas de atención de día.

#### Programa de Integración familiar (PIF)

Este programa, mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial nos núcleos familiares, ten un dobre obxectivo:

- Acadar a integración familiar de nenos/as institucionalizados (reunificación familiar).
- Evitar a separación familiar e o previsible internamento dos nenos/as (preservación familiar).

As unidades de análise son os menores e as familias beneficiarias

#### Programa de axudas a de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as unidades familiares con fillos maiores de 3 anos e menores de idade que se atopen en circunstancias de risco social e precisen de apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestruturación familiar.

As unidades de análise son os menores e as familias beneficiarias

#### Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar)

É un programa de apoio ás familias que teñen dificultades de convivencia cos seus fillos/as, debido a conflitos relacionados co consumo e abuso de drogas, delincuencia e problemas coa lei, condutas agresivas ou violentas, dificultades para o establecemento e cumprimento das normas, absentismo ou dificultades no centro escolar, etcétera. Os e as menores nesta situación, xunto coas súas familias, reciben atención profesional por parte de psicólogos especializados en terapia familiar.

#### Programa de inserción socio laboral de menores (Mentor)

O Programa Mentor pretende a inserción socio laboral de mozos/as maiores de 16 anos, e menores de 21, que estean ou teñan estado tutelados/as ou en situación de garda pola Xunta de Galicia, e que queiran incorporarse ao mundo laboral. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida destes/as mozos/as por medio dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente, de maneira que ao acadar a maioría de idade poidan ser plenamente autónomos.

#### **Menores estranxeiros non acompañados (MENAS)**

Son menores de idade procedentes doutros países que se atopan en España en situación de desamparo por non estar acompañados de ningún familiar.

### **Teléfono de axuda á infancia**

A liña de axuda á infancia é unha liña gratuíta que funciona durante todo o ano, as 24 horas do día. O seu obxecto é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, a quen se subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades. Serve tamén para que os nenos poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar a alguén que poida proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Está atendido por profesionais que prestan o asesoramento axeitado e notifican inmediatamente a situación aos servizos que corresponda.

## **Variables**

### **Menores tutelados**

#### Sexo

Nesta unidade trabállase unicamente coa variable sexo do/a menor.

### **Menores en situación de garda**

#### Forma de constitución da garda

A primeira variable que se manexa nesta unidade refírese á forma de constitución da garda.

Así, falamos de:

- garda administrativa, cando é asumida por resolución da propia Administración (xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar) a petición dos pais, nais ou titores.
- garda xudicial, cando é outorgada á Administración por un órgano xudicial.

#### Sexo

En segundo lugar, a variable empregada é a de sexo do/a menor en situación de garda.

### **Acollemento e menores acollidos**

#### ***Acollemento familiar***

#### Perfil da familia de acollida

Existen dúas modalidades:

- a) Familia extensa: o menor queda ao cargo dunha persoa ou grupo, do seu ámbito familiar (avós, tíos, ou outras persoas familiares)
- b) Familia allea: o menor queda ao cargo dunha familia diferente á súa.

#### Remuneración do acollemento

Os acollementos poden ser:

- a) remunerados, nos seguintes casos:
  - cando se trata de familia allea, remunéranse sempre.
  - cando se trata de familia extensa, remunéranse cando existan circunstancias que aconsellen facilitarlle un apoio económico á familia acollidora como compensación dos gastos ocasionados polo mantemento da persoa menor. Para iso téñense en conta os ingresos per capita na unidade familiar na que se vai integrar o/s ou a/s menor/es.
- b) Non remunerados, nos demais casos. É dicir, familia extensa cando se superan os limiares de renda per capita establecidos.

#### Situación administrativa do/a menor

As persoas menores acollidas poden estar en apreciación de desamparo e asunción da tutela por parte da administración autonómica ou noutras situacións (garda rogada ou xudicial, en

estudo mentres se determina a minoría de idade, como medida de apoio para momentos puntuais...)

### Sexo

Finalmente, os datos ofrécense agrupados por sexo do/a menor acollido/a

## ***Acollemento residencial***

### Tipo de centro

As tipoloxías de centros residenciais de menores son:

- Casas de familia: instaladas en vivendas normalizadas (pisos ou vivendas unifamiliares), plenamente integradas na comunidade e cunha capacidade máxima de 8 prazas.
- Minirresidencias: Instalados en vivendas normalizadas, cunha capacidade máxima de 15 prazas.
- Residencias: teñen unha capacidade máxima de 25 prazas.
- Centros con fogares: Son aqueles equipamentos residenciais distribuídos en unidades de convivencia dun máximo de 10 prazas cada unha
- Vivendas tuteladas: Son vivendas normalizadas dirixidas a menores próximos a cumprir a maioría de idade. Teñen unha capacidade máxima de 8 prazas
- Vivendas de transición á vida autónoma, ou vivendas asistidas: Son vivendas normalizadas dirixidos a mozos maiores de idade (ex-tutelados), que necesitan apoios para alcanzaren a súa autonomía definitiva, e funcionan en réxime de autoxestión polos propios mozos, baixo a supervisión técnica externa dun educador.

### Forma de xestión:

Atendendo á súa xestión, os centros poden ser:

- propios: xestionados directamente pola Xunta de Galicia a través de persoal propio
- colaboradores: xestionados por una Entidade Prestadora de Servizos Sociais

### Sexo

Finalmente, os datos de menores en acollemento residencial ofrécense agrupados por sexo do/a menor.

## **Adopción**

### ***Adopcións nacionais***

#### Tipoloxía do/a menor

Segundo a idade do/a menor ou se presenta algunha circunstancia específica, o procedemento para asignalo/a á familia diferenciarase entre:

- a) Nenos/as menores dun ano de idade e que non presenten ningún problema de saúde ou circunstancia especial
- b) Nenos/penas maiores dun ano ou que presentan algún tipo de circunstancia especial

### Sexo

Dentro de cada categoría, os datos ofrécense ademais agrupados segundo a variable sexo.

### ***Adopcións internacionais***

#### Organismo encargado da tramitación

A tramitación do expediente de adopción internacional pódese realizar a través do Ministerio competente ou a través das Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional ou ECAIs.

#### País de orixe

País de orixe do neno/a.

### Sexo

Os datos globais de nenos/as asignados a familias solicitantes, ofrécense ademais agrupados segundo a variable sexo.

### **Programas de apoio**

#### ***Atención de día:***

##### Tipo de centro:

- centros específicos para a atención de día
- centros residenciais que prestan o servizo de atención de día ademais do acollemento residencial:
  1. Casas de familia:
  2. Minirresidencias
  3. Residencias
  4. Centros con fogares:

##### Forma de xestión:

Atendendo á súa xestión, os centros poden ser:

- propios: xestionados directamente pola Xunta de Galicia a través de persoal propio
- colaboradores: xestionados por una Entidade Prestadora de Servizos Sociais

### Sexo

Finalmente, os datos de menores en atención de día ofrécense agrupados por sexo do/a menor.

### ***Programa de integración familiar.***

#### Modalidades de intervención:

- Reunificación familiar. Na área de reunificación familiar o programa traballará para mellorar a situación socio-familiar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e están a residir en centros de acollida. A



intervención realizarase directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer a reunificación familiar.

- Preservación familiar. Na área de preservación familiar, o programa traballará potenciando os recursos das familias, promovendo cambios que eviten a separación do neno do seu contorno familiar.

Tendo en conta que a unidade de intervención neste programa é a familia, e polo tanto atende conxuntamente a todos os irmáns ou irmás, non se considera relevante a variable sexo do/a menor atendido/a.

***Programa de axudas a de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.***

Tipo de familia

As familias beneficiarias do “Programa de axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio” poden ser monoparentais ou biparentais.

Estado civil

O estado civil pode ser casada/o, solteira/o, separada/o, divorciada/o ou viúva/o. Inclúese tamén a opción parella de feito.

Renda per cápita familiar anual

Cociente entre os ingresos familiares totais dun ano e o número de membros da familia en situación carencial grave.

Tendo en conta que a unidade de intervención neste programa é a familia, e polo tanto atende conxuntamente a todos os membros da unidade familiar, non se considera relevante a variable sexo do/a menor atendido/a.

***Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos. Terapia Familiar.***

Recóllese unicamente a variable sexo do/a menor

***Programa de inserción socio laboral de menores (Mentor)***

Recóllese unicamente a variable sexo do/a menor

**Menores estranxeiros non acompañados**

País de procedencia

Sexo

***Teléfono da infancia***

### Tipoloxía da demanda

Esta variable recolle o obxecto da chamada, que pode ser:

- a) Comunicación/sospeita de maltrato (notificar a sospeita de que un neno está a ser maltratado ou desatendido), que pode revestir algunha das seguintes formas:
  - a. Maltrato físico
  - b. Maltrato emocional
  - c. Abandono físico e/ou negligencia
  - d. Situación de risco social
  - e. Abuso sexual
  - f. Abandono
  - g. Explotación laboral
  - h. Corrupción
  - i. Maltrato prenatal
  - j. Síndrome de Munchausen

a.1) Cando a tipoloxía da demanda é a comunicación dunha situación de maltrato, débese indicar así mesmo o nivel de gravidade:

- a. grave
  - b. moderado
  - c. leve
- b) Solicitude de Internamento (solicitar a xestión do internamento urxente nun centro de menores dun menor que se atopa abandonado ou que por diversos motivos non pode ser atendido na súa casa)
  - c) Problemas de conduta (notificar ou solicitar asesoramento ou axuda ante os problemas de conduta amosados por un menor no domicilio ou contorno escolar ou social)
  - d) Problemas escolares (notificar ou solicitar asesoramento ou axuda ante problemas dun menor no ámbito educativo)
  - e) Problemas xudiciais (solicitar asesoramento ou axuda por problemas que corresponden a conflitos que deben ser resoltos no ámbito xudicial)
  - f) Dificultade na estrutura ou dinámica familiar (notificar ou solicitar asesoramento ou axuda por problemas que corresponden a dificultades na estrutura ou na dinámica das relacións familiares)
  - g) Adición (notificar condutas aditivas por parte dun/ha menor)
  - h) Embarazo (notificar problemas derivados dun embarazo que poidan supoñer desprotección para a nai, se é menor de idade, ou para o fillo ou filla)
  - i) Dificultade na relación (notificar ou solicitar asesoramento ou axuda por problemas de relación co/a menor)
  - j) Asesoramento (solicitar asesoramento sobre a onde acudir, ou que pasos dar ante determinadas situacións)
  - k) Información (petición de información xeral sobre procedementos administrativos relacionados con menores, datos de contacto de organismos e institucións, etc)
  - l) Outras

- m) Coordinación do servizo (chamadas que non corresponden a demandas dos usuarios, senón a actuacións de coordinación entre os técnicos do teléfono de atención á infancia e a Consellería)

#### Tipo de Intervención

Esta variable recolle o tipo de actuacións levadas a cabo para a resolución do problema ou atención á demanda de quen chama. Inclúe as seguintes posibilidades:

- a) Atención directa polos técnicos do teléfono de atención á infancia (caso das chamadas de asesoramento, información, ou petición de internamento)
- b) Derivación aos Servizos Sociais de atención primaria, cando da información recollida se desprende a existencia dunha situación de risco leve que corresponde ao ámbito das competencias dos servizos municipais
- c) Derivación ao Equipo Técnico do Menor, cando da información recollida se desprende a existencia dunha situación de risco moderado ou grave ou de desamparo que debe ser atendida polos servizos especializados de menores
- d) Derivación ao Gabinete de Orientación Familiar, cando a demanda se refire a asesoramento, información especializada, orientación e apoio para resolver crises ou conflitos familiares, reconducir a dinámica familiar, mellorar as habilidades de pais e nais, etc.
- e) Derivación ao Centro de Orientación Familiar, para problemas relacionados coa saúde afectivo-sexual ou a reprodución.
- f) Derivación a Outros

#### Procedencia da chamada segundo o interlocutor:

- a) Menor
- b) Pai/nai/titor
- c) Anónimo
- d) Profesional
- e) Outros

#### Datos do Menor /menores aos que se refire a chamada (sexan ou non os interlocutores)

- a) Idade
- b) Sexo
- c) Provincia

## **Procesamento de datos**

A maioría das actuacións que se levan a cabo para a protección dos menores realízanse de oficio, logo da constatación da situación do/a menor e a súa familia. Non obstante, hai determinadas medidas para as que se precisa unha previa solicitude dos interesados, como a adopción, o acollemento familiar, a garda rogada ou a concesión de axudas económicas, que teñen definido un procedemento no Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos da Xunta de Galicia (SXPA). Ademais, as medidas de apoio tamén poden ser solicitadas polas familias mediante un procedemento específico.

Todas as medidas adoptadas recóllense na aplicación informática ACM (Actuacións Dirixidas ao Menor), que permite consignar, entre outros os seguintes datos:

- Datos do/a menor: nome e apelidos, sexo, data e lugar de nacemento, domicilio, e outra información de carácter sanitario ou educativo.
- Datos da unidade familiar: nome, apelidos, data de nacemento e domicilio dos pais, nº de irmáns ou irmás...
- Motivos de intervención: maltrato físico, maltrato emocional, situación de risco, abandono, abuso sexual, explotación, comisión de infraccións por menores de 14 anos, menores estranxeiros non acompañados...
- Técnico de referencia
- Situación administrativa: en estudo, garda, tutela, medidas de apoio
- Recursos empregados: acollemento familiar, acollemento residencial, adopción, atención de día, calquera dos programas de apoio...
- Datas e motivos de arquivo e reapertura
- Observacións

O programa permite, ademais de consultar o expediente dun menor en concreto, realizar buscas xenéricas a partir de certos parámetros ou combinacións destes: datas de apertura, provincia de tramitación, nome e apelidos do menor, data de nacemento, sexo, nacionalidade, motivos de intervención, situacións administrativas ou recursos empregados.

## **Menores tutelados**

A asunción da tutela dunha persoa menor de idade por parte da Consellería de Traballo e Benestar realízase de oficio, mediante resolución motivada do xefe territorial que corresponda por razón do lugar de residencia do/a menor, logo de proposta do Equipo Técnico do Menor se se constata que se atopa en situación de desamparo. Enténdese por desamparo a situación que se produce de feito por mor do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material.

A actuación para determinar cándo se produce un desamparo pode iniciarse a raíz de calquera tipo de comunicación que alerte desta posible situación, como por exemplo un informe dos

servizos sociais comunitarios (municipais), un informe ou denuncia policial, un informe dun centro educativo ou sanitario, unha denuncia dun particular, unha chamada ao teléfono da infancia...

Ante calquera denuncia, comunicación ou información que faga sospeitar dunha posible situación de desamparo ou risco, os Equipos Técnicos do Menor dependentes das xefaturas territoriais inician unha investigación solicitando informes daqueles organismos ou institucións que poidan ter coñecemento ou acceder á realidade da situación: policía, escola, centro sanitario, servizos municipais... así como visitando o fogar familiar e entrevistando os membros da familia.

Esta investigación é a que proporciona toda a información necesaria sobre circunstancias do neno ou nena e da súa familia. Avaliada esta información, se se aprecia desamparo asúmese a tutela do/a menor.

Do mesmo xeito, a tutela cesa mediante resolución motivada do xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar, por algún dos seguintes motivos:

- cando o/a mozo/a tutelado/a acada a maioría de idade
- cando desaparecen as circunstancias que motivaron a declaración de desamparo
- cando outra persoa ou institución asume a súa tutela

Así mesmo, cesa cando o/a menor pasa a integrarse nunha familia adoptiva mediante unha sentenza de adopción.

### **Menores en situación de garda.**

A Consellería de Traballo e Benestar pode exercer a garda dun/ha menor a través de tres vías:

- como función inherente á tutela, asumida en situación de desamparo (non precisa resolución expresa de garda, senón que é unha consecuencia da resolución de tutela)
- en cumprimento dunha resolución xudicial
- por solicitude das persoas que teñan atribuída a patria potestade ou tutela do/a menor, cando por circunstancias graves non poidan coidalo/a. Ante esta solicitude, o Equipo Técnico do menor examina e avalía as circunstancias alegadas, solicitando todos os informes que se estime procedentes, e emite unha proposta. A solicitude resólvese por resolución motivada do xefe territorial.

A garda da ou do menor durará o tempo imprescindible en canto perduren as circunstancias que deron lugar á súa asunción e cesa nos seguintes casos:

- Cando a garda se exercite como función inherente á tutela administrativa, polas mesmas causas de cesamento desta
- No caso de garda rogada, por pedimento dos titulares da patria potestade ou titores que a solicitaron, ou por decisión da propia entidade pública cando, en atención ao

interese do menor, considere que non se xustifica a persistencia desta medida, sen prexuízo de que poida promover outra medida de protección se o estima procedente.

- Por resolución xudicial no caso de que a garda fose disposta polo xuíz ou xuíza.
- Polo acceso á maioría de idade ou emancipación da ou do menor.

En calquera caso, toda a información relativa ao menor e a súa familia debe ser recollida polos Equipos Técnicos do Menor a través de entrevistas coa propia familia e os informes de entidades e institucións que se estime convenientes.

A solicitude de garda pode formularse a través do modelo de solicitude de actuacións dirixidas ao menor, que ten asignado o procedemento de SXPA co código BS401I.

### **Acollemento e menores acollidos**

#### ***Acollemento familiar***

O acollemento familiar tramítase a través das xefaturas territoriais da consellería, e formalízase mediante unha resolución motivada do xefe territorial e un contrato entre este e a familia acollidora. Pode presentar a súa solicitude para formar parte do proxecto de acollemento familiar calquera familia, monoparental ou non, con independencia do estado civil dos seus membros, do número de fillos e fillas ou da condición social. Só será preciso que a persoa, parella ou familia, de xeito pactado e responsable, estea disposta a ofrecer temporalmente o seu fogar e o seu contorno a un neno, nena ou adolescente.

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. da/s persoa/s solicitante/s, excepto que autorice/n expresamente o acceso ao Sistema de Verificación de Datos e de Identidade (SVDI) do Ministerio de la Presidencia, para a súa comprobación.
- Informe ou certificado médico de saúde física e psíquica conforme pode/n prestar unha adecuada atención á/ao menor.
- Certificado de convivencia no que consten tódalas persoas que viven no domicilio.
- Certificado literal de nacemento do/s solicitante/s.
- Se é o caso, fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da última declaración de renda ou, no seu defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria.

A solicitude tramítase a través do procedemento administrativo BS401G. Ademais, contamos cunha aplicación específica para a xestión destes expedientes (ACF) na que se fan constar tanto os datos das persoas acolledoras (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo), como dos/as menores acollidos/as, con referencia ao expediente de protección que lles corresponde, a modalidade de acollemento e a remuneración que perciben.

As persoas solicitantes poderán ofertar o acollemento para un/ha menor en concreto, cando se trata da súa familia extensa. Se se trata de familia allea (menores cos que non teñen ningunha vinculación de parentesco) a proposición será xenérica, aínda que poden concretar aspectos como o rango de idade do/da/s menor/es que están en disposición de acoller, a modalidade ou duración do acollemento (simple ou permanente, de convivencia plena, ou de fins de semana ou vacacións, etc).

Logo de presentada a solicitude, os Equipos Técnicos do Menor (ou entidade colaboradora que teña asignada esta función) valoran a idoneidade da/s persoa/s solicitante/s para ser acolledor/as. De ser consideradas persoas idóneas, cando se trata de familia extensa o Equipo Técnico elabora a proposta de acollemento e a eleva ao xefe territorial, quen resolve. Se se trata de familia allea, é entidade colaboradora (Cruz Vermella) quen selecciona a familia mais axeitada para o/s ou a/s menores que precisan ser acollido/s; unha vez seleccionada, procédese de igual forma que no caso de familia extensa: proposta do equipo técnico e resolución do xefe territorial.

En todos os casos, o acollemento formalízase mediante un contrato entre a familia acollidora e o/a xefe/A territorial no que se recollen os compromisos que asumen as persoas acolledoras e a xefatura territorial, así como a existencia de consentimento da nai e pai e o/a menor, se é o caso.

O/s pai/s, nai/s ou titores, os acolledores e o/a menor, se ten 12 anos cumpridos ou máis, deberán consentir o acollemento. Se os pais non consenten deberase solicitar ao xulgado a formalización do acollemento. En tanto no recae resolución xudicial a Administración poderá constituír un acollemento provisional.

Desde o punto de vista do/a menor ou menores que van ser acollidos/as por unha familia, para a adopción desta medida teranse en conta os seguintes criterios orientadores:

- a) Daráselle prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial.
- b) Evitarase, na medida do posible, a separación de irmáns, procurando o seu acollemento por unha mesma familia.
- c) Favorecerase a permanencia do/a menor no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza en familia extensa, agás que non fose aconsellable para o interese do/a menor ou dos/as menores do grupo familiar acolledor.
- d) Será prioritario o acollemento en familia extensa sobre a adopción, excepto nos casos de renuncia de acabados de nacer, nos que se lle dará prioridade á adopción.

### ***Acollemento residencial***

O acollemento dun/ha menor nun centro ou institución é, ao igual que o acollemento familiar, unha forma de exercicio da garda. É subsidiario respecto do acollemento familiar e da

adopción, é dicir, só se efectuará cando se esgoten todas as posibilidades de mantemento do neno ou nena na súa familia a través da utilización de todos os recursos preventivos e o acollemento familiar ou adopción non sexan posibles ou se consideren inadecuados.

Esta medida adóptase por resolución do xefe territorial que corresponda, ou por decisión xudicial, e manterase polo tempo estritamente necesario.

En todo caso, correspóndelle á entidade pública a determinación do centro concreto no que deba ser ingresado a ou o menor, sexa centro propio ou concertado cunha entidade colaboradora. Esta decisión adoptarase de forma motivada en función das circunstancias persoais do neno, nena ou adolescente, atendendo sempre ao seu superior interese; das características dos centros e da dispoñibilidade de prazas. En particular, a menos que resulte contrario ao interese do neno ou nena, procurarase a asignación dun centro o mais próximo posible á súa residencia familiar, para permitir as visitas frecuentes e que o neno non perda os seus referentes.

Ao igual que no acollemento familiar, outro criterio que se sigue sempre, agás causas excepcionais, é o de non separar grupos de irmáns.

Ademais da xestión a través do ACM, no que se fan constar os recursos aplicados a cada menor, para a xestión dos centros de menores contamos coa aplicación XESCEN, que permite traballar coa información relativa á entidade xestora, número e características das prazas dispoñibles, e obter informes e estatísticas de ocupación.

## **Adopción e menores adoptados**

### ***Adopción nacional.***

Para as persoas que desexan adoptar, o proceso de adopción implica as seguintes fases:

1.- Sesión informativa. As persoas interesadas en adoptar deben asistir a unha reunión informativa na xefatura territorial que corresponda ao seu domicilio. En caso de parellas ou matrimonios, é necesario que asistan os dous membros. A inscrición realízase de xeito telefónico ou vía web, a través do Portal Galego de Adopcións (<http://adopcions.xunta.es>), rexistrándose previamente. Os datos que se requiren son: nome e apelidos e DNI da/s persoa/s asistente/s, lugar e data de nacemento, estado civil, enderezo postal e electrónico e teléfono.

2.- Curso de formación, no que os/as profesionais – psicólogos/as e traballadores/as sociais- abordan cuestións relacionadas coa adopción. A inscrición realízase vía web (no portal indicado anteriormente) ou mediante a remisión vía fax dun formulario de solicitude no Servizo de Defensa do Menor (servizos centrais da Secretaría Xeral de Familia e Benestar). Os datos que se requiren son os mesmos que os indicados no apartado anterior.



3.- Presentación de solicitude na xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente ao domicilio da/s persoa/s solicitante/s, xunto coa seguinte documentación:

- a) Certificación literal de nacemento.
- b) Certificado médico ordinario ou informe segundo un cuestionario específico (se é o caso, acompañarase, ademais, informe do médico especialista).
- c) Fotocopia da última declaración da renda ou, en defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria e, se é o caso, declaración de bens patrimoniais.
- d) Documento acreditativo da cobertura sanitaria (copia de tarxeta sanitaria).
- e) Se é o caso, libro de familia ou certificado de convivencia (débesse acreditar un mínimo de dous anos de convivencia).
- f) Sentenza de separación ou divorcio, se é o caso.
- g) Dúas fotografías tamaño carné de cada solicitante.
- h) Certificación de antecedentes penais ou, no seu defecto, certificación negativa, expedida polo Ministerio de Xustiza.

Ademais, se a/s persoa/s solicitante/s non asina/n o consentimento para que a entidade tramitadora comprobe os seus datos mediante o Sistema de Verificación de Datos e de Identidade (SVDI) do Ministerio de la Presidencia, deben achegar:

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Documentación acreditativa da residencia: certificados de empadramento, acta de notoriedade, etc.

A solicitude tramítase a través do procedemento administrativo BS401F

4.- Valoración da idoneidade. Trátase dun estudo psicolóxico e social da/s persoa/s solicitantes, para determinar se posúen as capacidades necesarias para atender as necesidades dos nenos e nenas que vaian ser adoptados/as e que é realizado por un equipo interdisciplinar da xefatura territorial correspondente. A través de entrevistas, visitas ao domicilio e, se é o caso, a aplicación de tests psicolóxicos, valóranse aspectos tales como o axuste de parella, a adecuación entre as idades da/s persoa/s solicitante/s e o neno ou nena que vaia ser adoptado/a, as condicións do medio familiar da/s persoa/s solicitantes, as súas motivacións ou as súas condicións de saúde.

5.- Selección da familia mais axeitada para o neno ou nena que vaia ser adoptado/a. Hai dúas vías ou sistemas diferentes:

- a) se a familia solicitou (e foi declarada idónea para iso) adoptar un neno/a de menos dun ano, e san, selecciónase a familia dunha lista única a nivel autonómico, por estrito orde de antigüidade.
- b) se a familia foi declarada idónea para un/ha neno/a de mais dun ano, para un grupo de irmáns, ou para un neno ou nena con algunha discapacidade, enfermidade ou

característica especial, selecciónase de entre os solicitantes de cada provincia a familia mais adecuada ás características e circunstancias do/s neno/s ou nena/s, respectando tamén a orde de antigüidade.

6.- Constitución dun acollemento pre adoptivo durante o que se comproba e se traballa o acoplamento do neno ou nena na súa nova familia

7.- Proposta de adopción, formulada ante o xulgado pola xefatura territorial da Consellería.

8.- Formalización da adopción mediante resolución xudicial (auto de adopción).

As persoas menores susceptibles de seren adoptadas son nenos, nenas ou adolescentes tutelados pola Xunta de Galicia para os que non se considera posible a reintegración na familia biolóxica nin o acollemento en familia extensa. Se son maiores de doce anos, deben prestar o seu consentimento para a adopción.

Caso particular son os nenos ou nenas acabados/as de nacer procedentes de renuncia, é dicir, aqueles cuxos pais consenten en entregalos/as en adopción. Cando un neno ou nena acabado/a de nacer é entregado/a en adopción por ambos proxenitores, esta opción considérase prioritaria sobre o acollemento familiar en familia extensa. Para poder propoñer a adopción destes nenos/as, a nai deberá ratificar a súa decisión transcorridos trinta días desde o nacemento.

### ***Adopción internacional***

Desde o punto de vista da familia adoptante, o proceso de adopción é moi semellante ao da adopción nacional nas fases de información, formación, solicitude e valoración de idoneidade, (aínda que con algunhas peculiaridades) pero totalmente diferente nas fases posteriores.

1.- Sesión informativa. As persoas interesadas en adoptar deben asistir a unha reunión informativa na xefatura territorial que corresponda ao seu domicilio. En caso de parellas ou matrimonios, é necesario que asistan os dous membros. A inscrición realízase de xeito telefónico ou vía web, a través do Portal Galego de Adopcións (<http://adopcions.xunta.es>), rexistrándose previamente. Os datos que se requiren son: nome e apelidos e DNI da/s persoa/s asistente/s, lugar e data de nacemento, estado civil, enderezo postal e electrónico e teléfono.

2.- Curso de formación, no que os/as profesionais – psicólogos/as e traballadores/as sociais- abordan cuestións relacionadas coa adopción. A inscrición realízase vía web (no portal indicado anteriormente) ou mediante a presentación dun formulario de solicitude no Servizo de Defensa do menor (servizos centrais da Secretaría Xeral de Familia e Benestar). Os datos que se require son os mesmos que os indicados no apartado anterior.

3.- Presentación de solicitude na xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente ao domicilio da/s persoa/s solicitante/s, xunto coa seguinte documentación:

- a) Certificación literal de nacemento.
- b) Certificado médico ordinario ou informe segundo un cuestionario específico (se é o caso, acompañarase, ademais, informe do médico especialista).
- c) Fotocopia da última declaración da renda ou, en defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria e, se é o caso, declaración de bens patrimoniais.
- d) Documento acreditativo da cobertura sanitaria (copia de tarxeta sanitaria).
- e) Se é o caso, libro de familia, ou certificado de convivencia (débase acreditar un mínimo de dous anos de convivencia).
- f) Sentenza de separación ou divorcio, se é o caso.
- g) Dúas fotografías tamaño carné de cada solicitante.
- h) Certificación de antecedentes penais ou, no seu defecto, certificación negativa, expedida polo Ministerio de Xustiza.
- i) cuestionario que se entrega nas sesións informativas, debidamente cuberto
- j) Compromiso de comunicar a chegada do menor e de someterse ao seguimento periódico que sinala o país de orixe.

Ademais, se a/s persoa/s solicitante/s non asina/n o consentimento para que a entidade tramitadora comprobe os seus datos mediante o Sistema de Verificación de Datos e de Identidade (SVDI) do Ministerio de la Presidencia, deben achegar:

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Documentación acreditativa da residencia: certificados de empadramento, acta de notoriedade, etc.

4.- Valoración da idoneidade. Trátase dun estudo psicolóxico e social da/s persoa/s solicitante/s, para determinar se posúen as capacidades necesarias para atender as necesidades dos nenos e nenas que vaian ser adoptados/as, que é realizado por un equipo interdisciplinario da xefatura territorial correspondente. A través de entrevistas, visitas ao domicilio e, se é o caso, a aplicación de tests psicolóxicos, valóranse aspectos tales como o axuste de parella, a adecuación entre as idades da/s persoa/s solicitante/s e o neno ou nena que vaia ser adoptado/a, as condicións do medio familiar da/s persoa/s solicitante/s, as súas motivacións ou as súas condicións de saúde. Hai que ter en conta que os diferentes países de orixe dos/as menores poden ter requisitos ou esixencias específicas para a adopción (por exemplo unha idade mínima ou máxima, esixencia dun período de convivencia mínimo da parella, esixencia de vínculo matrimonial, non aceptación de determinadas enfermidades nas persoas solicitantes, etc). Por iso, para a valoración de idoneidade ha de terse en conta o país ao que vaia dirixirse a solicitude.

5.- Tramitación da solicitude. Unha vez obtido o certificado de idoneidade, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar fará chegar o expediente da familia ao país onde se desexa adoptar polas seguintes canles: a través dunha Entidade Colaboradora de Adopción Internacional ou a través do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (MSPS). Algúns países só aceptan unha das vías, ou exclúen expresamente outra. Así, hai países que só permiten a tramitación a través de ECAI, mentres que outros non permiten esta vía.

- Directamente a través da Entidade Pública (vía Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade). A familia deberá obter todos os documentos que esixa o país de orixe, procedendo á súa legalización e tradución xurada de ser o caso. Estes documentos serán enviados ao país de orixe directamente polas familias ou dende a Entidade Pública xunto co certificado de idoneidade (expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía Ministerio)
- A través das Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (ECAI): entidades sen ánimo de lucro, debidamente acreditadas e formadas por un equipo de profesionais que teñen como finalidade colaborar coas administracións públicas e cos solicitantes no proceso de adopción internacional. Se en Galicia non existe ningunha ECAI acreditada para o país no que se desexa adoptar, a familia solicitante poderá solicitar a tramitación a través dunha ECAI acreditada noutra Comunidade Autónoma. A ECAI, en colaboración coa familia, encargarse de obter a documentación, legalizala e traducila se é o caso. Completado o expediente, a entidade colaboradora, a través do seu representante no país de orixe, envíallo ao organismo público competente (expedientes tramitados pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar vía ECAIs)

6.- Asignación. Cada Estado decide o procedemento a seguir unha vez lle chega o expediente de adopción da familia estranxeira. Non obstante, con carácter xeral adoitan rexistrar o expediente e facer unha valoración técnica. A decisión última de asignarlle unha familia a un menor correspóndelle ao país de orixe deste. Unha vez o órgano competente do país se teña decidido por unha familia faise unha asignación da que se informa á familia xa sexa a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, da ECAI ou directamente (nestes casos a familia terá que informar á Secretaría Xeral de Familia e Benestar no prazo de 10 días hábiles) para que amose a súa aceptación do menor (pre asignacións de menores comunicadas á Secretaría Xeral de Familia e Benestar)

7.- Constitución da adopción. Unha vez comunicada a conformidade coa asignación, o Estado de orixe continuará coa tramitación do expediente, conforme a súa propia normativa, para constituír e formalizar definitivamente a adopción, normalmente a través de sentenza xudicial.

## **Programas de apoio**

O programa de axudas a familias en situacións carenciais para preservación dos menores no seu medio ten unhas características específicas en canto á solicitude e tramitación, polo que se describirá por separado.

***Programa de axudas a familias en situacións carenciais para preservación dos menores no seu medio***

O procedemento iníciase mediante solicitude dos interesados na que se recolle a seguinte información:

- datos persoais dos membros da unidade familiar (nome, apelidos, NIF, domicilio, data de nacemento, grao de minusvalía recoñecido), que se acreditarán mediante
- ingresos da unidade familiar

A esta solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia e traballo do solicitante e do resto dos membros da unidade familiar obrigados a obter este/s documento/s, ou no caso de telo/s solicitado, documento que o acredite. Non será necesaria a presentación destes documentos se as devanditas persoas prestan consentimento expreso para que o órgano competente para a tramitación comprobe a súa identidade por medios telemáticos.
- b) Fotocopia do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación e da unidade familiar. No caso dos familiares que teñen outorgada, por vía xudicial ou administrativa, a tutela ou garda e custodia dos menores, documentación acreditativa desta circunstancia.
- c) Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o solicitante.
- d) Certificado de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral.
- e) Xustificación de ingresos: Nóminas de todo o ano 2009 ou certificado de empresa, de todos os membros da unidade familiar que percibisen haberes nese exercicio e, de ser o caso, certificación positiva ou negativa da prestación económica do Inem nese mesmo exercicio, certificación da Seguridade Social acerca da pensión percibida, ou calquera outro documento acreditativo dos ingresos.
- f) No caso de enfermidades crónicas graves informe médico emitido polo sistema público de saúde.
- g) De ser o caso, certificado de minusvalía se este non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Certificados de empadramento e convivencia expedidos polo concello de residencia. Non será necesaria a presentación destes documentos se os membros da unidade familiar prestan consentimento expreso para que o órgano competente para a tramitación comprobe este extremo por medios telemáticos.

No caso de producirse un cambio de domicilio nos últimos seis meses, o/a interesado/a deberá acompañar directamente os certificados de empadramento no concello de residencia actual e no anterior.

- i) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano inmediatamente anterior ao da solicitude en curso, informe anual emitido polos servizos sociais do concello onde conste que cumpriu os obxectivos do plan de traballo de intervención educativa na familia.
- j) Compromisos dos solicitantes de cumprir as obrigas que a orde de bases reguladoras impón aos beneficiarios das axudas
- k) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións

Deberá xuntarse á documentación achegada polos solicitantes un informe dos servizos sociais do concello de residencia da unidade familiar ou do servizo especializado que tramite o expediente por posible situación de risco dos menores, no que se fará constar a información relevante acerca da situación socio familiar dos solicitantes (composición da unidade familiar, características da vivenda, problemáticas específicas nos menores, datos de interese na historia e relacións familiares, situación económica) así como plan de traballo proposto, necesidades básicas que se pretenden cubrir coa axuda e valoración global da solicitude.

A solicitude tramítase a través do procedemento administrativo SXPA BS401A.

Unha vez completos os expedientes as solicitudes son valoradas por unha comisión provincial tendo en conta os seguintes criterios:

- ter obtido a axuda en anos anteriores
- numero de fillos
- renda per capita anual
- factores especiais: discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar, deficiencias e carencias nas condicións de habitabilidade da vivenda, existencia no núcleo familiar de convivencia de persoas con problemáticas específicas

As axudas son concedidas ou denegadas mediante resolución do xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar, por delegación da conselleira.

Ademais do procedemento SXPA BS401A, para a xestión destas axudas contamos coa aplicación INM (Axudas de integración ao menor) na que se recollen todos os datos de relevancia para a toma de decisións do expediente.

### ***Outros programas de apoio***

En xeral, a inclusión dun/ha menor nalgún dos programas de intervención de apoio ás familias con que conta o sistema de protección de menores faise de oficio, á vista das necesidades do menor e das posibilidades de traballar coa familia e o contorno.

Tamén é posible a solicitude de actuación por parte da familia (pais, nais ou titores/as), que pode formalizarse a través do procedemento SXPA BS401I de actuacións dirixidas ao menor.

En calquera caso, a valoración da procedencia de asignar un determinado programa a un menor e/ou a súa familia correspóndelle ao Equipo Técnico do Menor, que eleva a súa proposta ao xefe territorial quen dita a resolución administrativa que corresponda.

**Teléfono da Infancia.**

O acceso a esta liña prodúcese por chamada telefónica dun usuario, sexa un neno ou nena ou un adulto, quen pode facilitar os seus datos ou ben intervir de xeito anónimo. Así mesmo, a súa chamada pode ter por obxecto formular unha denuncia ou alertar dunha situación respecto dun/ha menor en concreto, ou ben formular consultas ou solicitar información xenérica.

Así pois, toda a información contida nesta unidade estatística procede da información facilitada pola persoa que chama, así como do resultado da chamada.

## **Deseño da explotación dos datos do rexistro**

Anualmente realizarase unha publicación en papel con toda a información estatística. Facilitaranse, para cada ano e por provincias (cando proceda) o número de menores nas diferentes situacións ou programas e o número de familias, así como as diferentes variables recollidas en cada unha das unidades.

### **Ámbito xeográfico: provincia**

É a xefatura territorial que tramita o expediente, correspóndese coas catro provincias galegas. Os expedientes, como norma xeral, xestiónanse na provincia de residencia do menor e a súa unidade familiar, ou no caso de ser non residentes (por exemplo os menores non acompañados, abandonos...) segundo a provincia onde se atopen no momento no que se observe a situación que xustifique a actuación da administración.

### **Ámbito temporal: ano de referencia**

No caso das unidades “menores” ou “familias” (menores tutelados, menores en situación de garda, menores en acollemento, familias acolledoras, beneficiarios de programas de apoio... ) teremos, para cada menor ou familia, unha data “de inicio” que é cando comeza a situación administrativa ou se inicia a intervención co programa de que se trate e terase outra data “de fin” cando deixa de ter efectos a situación ou causa baixa no programa. Na estatística anual contaránse aqueles menores ou familias que estiveron polo menos unha vez nesa situación durante o ano de referencia, xa sexa porque comezaron nese ano ou porque a proveñen de anos anteriores.

No caso dos expedientes de adopcións, teremos tantas datas como situacións nas que se atope o expediente: ano de apertura, ano no que se produce a declaración de idoneidade, ano no que se produce a preasignación...; polo que, cando se facilite información estatística referida a un ano (número de solicitudes abertas, número de solicitudes declaradas idóneas, número de preasignacións...) contaránse os expedientes que acadasen esa situación nese ano.

No caso do teléfono da infancia, a estatística refírese ás chamadas recibidas durante o ano en cuestión.

### **Listado de táboas**

#### Menores tutelados

*Menores en situación de tutela pola Xunta. Galicia e provincias*

#### Menores en situación de garda

*Menores en situación de garda. Galicia e provincias*

*Tipo de garda: administrativa ou xudicial*



## Acollemento e menores acollidos

### Acollemento familiar.

Facilitarase información dos acollementos familiares segundo sexan remunerados, non remunerados, en familia extensa ou en familia allea. As táboas que se farán son:

*Acollemento familiar na Coruña*

*Acollemento familiar en Lugo*

*Acollemento familiar en Ourense*

*Acollemento familiar en Pontevedra*

*Acollemento familiar en Galicia*

Para cada unha das táboas facilitarase:

Número de nenos/as acollidos/as e número de familias acolledoras en familia extensa. Remunerados e non remunerados.

Número de nenos/as acollidos/as e número de familias acolledoras en familia allea. Remunerados e non remunerados.

Número total de nenos/as acollidos/as e número de familias acolledoras. Remunerados e non remunerados. Familia extensa e allea.

*Situación administrativa dos/as menores acollidos/as.* Tutelas e outras situacións administrativas

### Acollemento residencial:

*Número de centros residenciais para a protección de menores segundo a súa tipoloxía e titularidade da xestión.* Galicia e provincias

*Número de prazas en acollemento residencial segundo a tipoloxía e titularidade da xestión do centro.* Galicia e provincias

*Menores acollidos en centros segundo a súa titularidade.* Galicia e provincias

## Adopción e menores adoptados

### Adopción nacionais:

*Número de solicitudes para adoptar segundo o estado de trámite da solicitude.* Galicia e provincias

*Menores acabados de nacer dados en adopción.* Galicia e provincias

### Adopcións internacionais:

*Solicitudes presentadas para adopcións internacionais.* Galicia e provincias

*Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral por país.* Galicia e provincias

*Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral vía Ministerio por país.* Galicia e provincias

*Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral vía ECAI habilitada en Galicia por ECAI e país.* Galicia e provincias

*Expedientes tramitados pola Secretaría Xeral vía ECAI habilitada noutra C. Autónoma por ECAI e país. Galicia e provincias.*

*Menores con pre asignación a familia comunicada á Secretaría Xeral, por país de orixe. Galicia e provincias*

#### Programas de apoio

##### Atención de día

*Número de centros de atención de día segundo a súa tipoloxía e titularidade da xestión. Galicia e provincias*

*Número de prazas de atención de día segundo a tipoloxía e titularidade da xestión do centro. Galicia e provincias*

*Menores en atención de día segundo a titularidade de xestión do centro. Galicia e provincias*

##### Programa de axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves.

*Axudas concedidas mediante solicitude do ano de referencia. Galicia e provincias. Menores atendidos, familias atendidas e contía total.*

*Axudas concedidas: número de nenos por unidade familiar e número de familias en cada categoría. Galicia e provincias.*

*Axudas concedidas por tipoloxía de familia. Número de familias de cada tipoloxía. Galicia e provincias.*

*Axudas concedidas: menores e familias beneficiarias por tramos de renda per capita. Galicia e provincias.*

##### Programa de integración familiar. Facilitarase para Galicia e provincias:

*Menores atendidos no programa segundo a medida adoptada*

*Familias atendidas no programa segundo a medida adoptada*

##### Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (terapia familiar). Facilitarase para Galicia e provincias:

*Número de familias e menores atendidos no programa*

##### Programa de inserción socio laboral de menores (Mentor)

*Menores atendidos no programa de inserción socio laboral. Galicia e provincias*

##### Menores estranxeiros non acompañados

*Menores estranxeiros non acompañados segundo país de procedencia. Galicia*

##### Teléfono da infancia.

*Número de chamadas por tipoloxía da demanda. Galicia e provincias.*

*Número de chamadas de comunicación de sospeita de maltrato, segundo a gravidade. Galicia e provincias.*

*Número de chamadas segundo o tipo de Intervención requirido. Galicia e provincias.*

*Número de chamadas segundo a tipoloxía do interlocutor. Galicia e provincias.*

*Número de chamadas segundo a idade e sexo do/a menor ao que se refire a chamada.*  
Galicia e provincias.

## **Anexos**

### **Anexo I: Modelos de solicitude**

Neste anexo recóllense os diferentes formularios e documentos normalizados que han de presentarse nas xefaturas territoriais para poder levar a cabo unha adopción ou un acollemento. Recolle tamén a solicitude para que a Xunta asuma a garda dun/ha menor.

### **Anexo II: Entidades de Colaboración para Adopción Internacional habilitadas en Galicia**

Neste anexo recollese aquelas entidades habilitadas, na comunidade autónoma, para a adopción internacional.

## **ANEXO I**

### **Modelos de solicitude**

Solicitude de actuacións dirixidas ao menor (anexo I-a)

Solicitude de acollemento familiar (anexo I-b)

Solicitude de adopción nacional (anexo I-c)

Solicitude de adopción internacional (anexo I-d)

Solicitude de axudas a familias en situacións carenciais para a preservación dos menores no seu medio (anexo I-e)





PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO FAMILIAR</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS401G</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA/S PERSOA/S SOLICITANTE/S**

DON/DONA		DATA DE NACEMENTO
LUGAR		ESTADO CIVIL
NACIONALIDADE		PROFESIÓN
NIVEL DE ESTUDOS		DNI

DON/DONA		DATA DE NACEMENTO
LUGAR		ESTADO CIVIL
NACIONALIDADE		PROFESIÓN
NIVEL DE ESTUDOS		DNI

DOMICILIO FAMILIAR	PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DOMICILIO	TELÉFONO 2 (INDICAR: MÓBIL, TRABALLO...)
CORREO ELECTRÓNICO		

**SOLICITAN:**

Que sexa atendida a súa petición de acollemento familiar, comprometéndose a poñer a disposición deste organismo tódolos documentos acreditativos que lles sexan requeridos.

**Solicitude para un menor concreto (Familia extensa)**

**Solicitude xenérica (Familia allea)**

**DATOS DO/A MENOR (cumprimentar só en caso de acollemento en familia extensa)**

NOME DO/A MENOR		DATA DE NACEMENTO
NOME DO PAI	NOME DA NAI	
DOMICILIO DOS PAIS		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
		TELÉFONO

Autorizo á Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de la Presidencia.  SI  NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoos de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede/s pode/n exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO   REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA   _____, de _____ de _____		

Xefe/a Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en

\_\_\_\_\_

*ANEXO I:*

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Certificado ou informe médico.
- Certificado de convivencia no que consten tódalas persoas que viven no domicilio.
- Certificación literal de nacemento da/s persoa/s solicitante/s.
- Fotocopia da última Declaración do I.R.P.F. ou, no seu defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria.
- Certificado de antecedentes penais.

(Outros, indicar):

Ademais, se a/s persoa/s solicitante/s non asina/n o consentimento para que a entidade tramitadora comprobe os seus datos:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.





PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE ADOPCIÓN NACIONAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS401F</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA/S PERSOA/S SOLICITANTE/S**

DON/DONA			
[ ]			
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	DNI
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
NACIONALIDADE	NIVEL DE ESTUDOS	PROFESIÓN	
[ ]	[ ]	[ ]	
DON/DONA		RELACIÓN CO 1º SOLICITANTE	
[ ]		[ ]	
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	DNI
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
NACIONALIDADE	NIVEL DE ESTUDOS	PROFESIÓN	
[ ]	[ ]	[ ]	
DOMICILIO FAMILIAR	PROVINCIA	CONCELLO	
[ ]	[ ]	[ ]	
CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DOMICILIO	TELÉFONO 2 (INDICAR: MÓBIL, TRABALLO...)
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

**DECLARA/N:** a veracidade de todos os datos e información facilitada no proceso de adopción.

**COMPROMÉTESE /NSE** a comunicar calquera cambio relevante que se produza nas súas circunstancias persoais, económicas ou familiares.

**SOLICITA/N:** Que se lle/s inclúa no Rexistro de Adopcións e se realice o correspondente informe de valoración de capacidade e idoneidade para adoptar, comprometéndose a poñer a dispor do organismo competente todos os documentos acreditativos que lle/s sexa/n requiridos.

Documentación que se achega (sinalar cun X):

- Certificación literal de nacemento.
- Certificado ou informe médico (se é o caso, acompañarase ademais informe do médico especialista).
- Fotocopia da última declaración da renda ou, en defecto, certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria e, se é o caso, declaración de bens patrimoniais.
- Documento acreditativo da cobertura sanitaria (copia de tarxeta sanitaria).
- Libro de familia ou certificado de convivencia (débase acreditar un mínimo de 2 anos de convivencia), se é o caso.
- Sentenza de separación ou divorcio, se é o caso.
- Dúas fotografías tamaño carné de cada solicitante.
- Certificación de antecedentes penais ou, no seu defecto, certificación negativa, expedida polo Ministerio de Xustiza.

Ademais, se a/s persoa/s solicitante/s non asina/n o consentemento para que a entidade tramitadora comprobe os seus datos:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- Documentación acreditativa da residencia: certificados de empadramento, acta de notoriedade, etc.


Dou expresamente o meu consentemento para a comprobación telemática do DNI, domicilio e residencia ante o Ministerio da Presidencia, segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- SI  NON (No caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI e certificado de empadramento).

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/os de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede/s pode/n exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Familia e Benestar Edificio Administrativo San Caetano - 15781 Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro</i>
SINATURA DO/S SOLICITANTE/S  Lugar e data  , de

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA





## SOLICITUDE DE INFORME DE VALORACIÓN, CAPACIDADE E IDONEIDADE PARA A ADOPCIÓN DUN NENO ESTRANXEIRO

DONA/DON \_\_\_\_\_

D.N.I. N.º \_\_\_\_\_ PASAPORTE N.º \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO / / LUGAR DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

ESTADO CIVIL \_\_\_\_\_ TELF. MÓVIL \_\_\_\_\_

ESTUDIOS FINALIZADOS \_\_\_\_\_ PROFESIÓN \_\_\_\_\_



DONA/DON \_\_\_\_\_

D.N.I. N.º \_\_\_\_\_ PASAPORTE N.º \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO / / LUGAR DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

ESTADO CIVIL \_\_\_\_\_ TELF. MÓVIL \_\_\_\_\_

ESTUDIOS FINALIZADOS \_\_\_\_\_ PROFESIÓN \_\_\_\_\_



DATA DE MATRIMONIO \_\_\_\_\_ INICIO CONVIVENCIA \_\_\_\_\_

ENDEREZO COMPLETO: RÚA \_\_\_\_\_ N.º / \_\_\_\_\_

LOCALIDADE \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ PROVINCIA \_\_\_\_\_

E-MAIL \_\_\_\_\_ TELF. DOMICILIO \_\_\_\_\_

### SOLICITAN:

A realización do informe de valoración, capacidade e idoneidade para poder acceder á adopción internacional dun menor de orixe (país) \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Sinatura/s do/s solicitante/s

 DIRIXIDO AO/Á XEFE/A TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DE \_\_\_\_\_



## COMPROMISO DE SEGUIMIENTO

\_\_\_\_\_  
DONA/DON

\_\_\_\_\_  
D.N.I. N.º

\_\_\_\_\_  
DONA/DON

\_\_\_\_\_  
D.N.I. N.º

\_\_\_\_\_  
ENDEREZO COMPLETO: RÚA

\_\_\_\_\_  
N.º /

\_\_\_\_\_  
LOCALIDADE

\_\_\_\_\_  
C.P.

\_\_\_\_\_  
PROVINCIA

\_\_\_\_\_  
E-MAIL

\_\_\_\_\_  
TELF. DOMICILIO

\_\_\_\_\_  
TELF. MÓVIL/ES

### COMPROMÉTENSE A:

1. Notificar calquera variación que de lugar a unha alteración das circunstancias tidas en conta no proceso de valoración de idoneidade (*separación, divorcio, emparellamento, matrimonio, falecemento dun familiar, embarazo viable ou nacemento dun fillo, cambio de domicilio, enfermidade grave, ou calquera outra situación importante*). Sabemos que de non facelo así procederase de oficio, ben a revisar a valoración de idoneidade, ou incluso chegar a pechar e arquivar o expt.
2. Tramitar o expt de adopción internacional de acordo co Protocolo establecido no Convenio dela Haya. Isto significa que de acordo co artigo 17.c) do citado Convenio, a Comunidade Autónoma de Galicia a través do seu organismo central competente, terá que aceptar previamente a asignación do/a menor.
3. Comunicar inmediatamente a chegada do menor a Comunidade Autónoma, aportando toda a documentación que se lles entregara no país de orixe do menor.
4. Colaborar cos técnicos da unidade de adopción da Delegación Provincial ou da Comunidade Autónoma no seguimento da adaptación do menor na nova familia coa periodicidade que solicite o país.
5. Facerse cargo nos casos que proceda, dos gastos derivados da tramitación dos documentos da administración.

Sabemos que no caso de incumprimento de calquera dos puntos do compromiso, a Administración poderá actuar de oficio revisando a idoneidade e podendo incluso chegar a pechar e arquivar o expt.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Sinatura/s do/s solicitante/s



## RELACIÓN DOS DOCUMENTOS QUE SE DEBEN APORTAR ÁS SOLICITUDES DE ADOPCIÓN

Coa solicitude de informe de valoración, capacidade e idoneidade para a adopción internacional ou para a adopción nacional (autonómica) deberanse achegar os seguintes documentos por parte de cada solicitante:

1. *Certificación literal de nacemento*
2. *Certificado de empadramento e residencia*
3. *Certificado de antecedentes penais*
4. *Fotocopia do documento nacional de identidade compulsado.*
5. *Fotocopia do Libro de Familia ou certificado de convivencia se é o caso.*
6. *Fotocopia da última declaración da renda ou, en defecto certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria e se é o caso, declaración de bens patrimoniais.*
7. *Fotocopia da última nómina*
8. *Sentencia de separación ou divorcio se é o caso*
9. *Dúas fotografías tamaño carné de cada solicitante*
10. *Informe médico segundo anexo que se acompaña a solicitude*
11. *Cuestionario persoal que se acompaña anexo a solicitude*
12. *Modelo de Compromisos que os solicitantes adquiren coa administración, que se acompaña anexo a solicitude (e que é conveniente que os solicitantes se queden con copia deste documento e tamén da solicitude presentada.).*

Aqueles solicitantes que presenten solicitudes para Nacional (autonómica) e Internacional ao mesmo tempo, non terán que duplicar a documentación para cada solicitude, pois bastará con presentar un solo xogo de documentos, pero coas dúas solicitudes.



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DE PREVENCIÓN E APOIO A FAMILIAS EN SITUACIÓNS          CARENCIAIS GRAVES PARA A PRESERVACIÓN DO MENOR          NO SEU MEDIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>BS401A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

DON / DONA		NIF/NIE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DATA DE NACEMENTO	ESTADO	ENDEREZO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SISTEMA DE PREVISIÓN: SEGURIDADE SOCIAL		OUTROS SISTEMAS (MUFACE, ISFAS, LISMI, ETC.)	
Nº AFILIADO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR**

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO CO SOLICITANTE	DISCAPACITADO (SI/NON)	GRAO DE MINUSVALIDEZ RECOÑECIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**CONSENTIMENTO PARA COMPROBACIÓN DE IDENTIDADE E EMPADROAMENTO**

Dou expresamente o meu consentemento para a comprobación telemática do DNI, domicilio e residencia ante o Ministerio da Presidencia, segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI     NON (No caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI e certificado de empadramento).

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO CONTA BANCARIA			
BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

OBSERVACIÓNS:

Percibir durante o ano ou os dous anos anteriores este tipo de axuda      Nº de anos:

Outras

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, como responsable do ficheiro, ao enderezo seguinte: edif. administrativo San Caetano, Santiago de Compostela. CP 15781 (A Coruña).

,      de      de

---

(Sinatura do solicitante)

ANEXO II

DECLARACIÓN DE INGRESOS

DON/DONA	NIF/NIE												
<p><b>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE ALGÚN DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (PÓÑASE SI OU NON SEGUNDO PROCEDA):</b></p> <p><input type="checkbox"/> TRABALLA POR CONTA ALLEA (XÚNTESE COPIA DAS NÓMINAS DE TODO O ANO 2009).</p> <p><input type="checkbox"/> ESTÁ OBRIGADO A FACER DECLARACIÓN DA RENDA.</p> <p><input type="checkbox"/> FIGURA INSCRITO COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NO INEM (XÚNTESE CERTIFICACIÓN POSITIVA OU NEGATIVA SOBRE A PERCEPCIÓN DE PRESTACIÓNS A CARGO DO INEM).</p> <p><input type="checkbox"/> PERCIBE OUTROS INGRESOS: PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA, LISMI, RISGA, INGRESOS POR TRABALLOS ESPORÁDICOS OU EVENTUAIS, EMPREGADOS/AS DO FOGAR, ETC. (EN CASO AFIRMATIVO DESCRÍBASE A CONTINUACIÓN A SÚA NATUREZA E CONTÍA ANUAL E, DE EXISTIR, XÚNTESE COPIA DOS XUSTIFICANTES DA SÚA PERCEPCIÓN DURANTE TODO O ANO 2009).</p> <table border="1"><thead><tr><th data-bbox="304 1048 794 1077">NATUREZA DO INGRESO</th><th data-bbox="971 1048 1318 1077">CONTÍA ANUAL</th></tr></thead><tbody><tr><td data-bbox="304 1088 794 1126"></td><td data-bbox="971 1088 1318 1126"></td></tr><tr><td data-bbox="304 1133 794 1171"></td><td data-bbox="971 1133 1318 1171"></td></tr><tr><td data-bbox="304 1178 794 1216"></td><td data-bbox="971 1178 1318 1216"></td></tr><tr><td data-bbox="304 1223 794 1261"></td><td data-bbox="971 1223 1318 1261"></td></tr><tr><td data-bbox="304 1267 794 1305"></td><td data-bbox="971 1267 1318 1305"></td></tr></tbody></table> <p>DECLARO QUE OS DATOS QUE SE FAN CONSTAR NESTE DOCUMENTO SON CERTOS. A FALSIDADE DE TODOS OU DALGÚNS DELES SERÁ CAUSA DE REVOGACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA.</p>		NATUREZA DO INGRESO	CONTÍA ANUAL										
NATUREZA DO INGRESO	CONTÍA ANUAL												

_____, de _____ de _____
(Sinatura do declarante)

*ANEXO III*

**COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO SOLICITANTE**

DON/DONA		NIF/NIE	
<b>COMPROMÉTESE NO CASO DE CONCESIÓN DA AXUDA A:</b>			
<ol style="list-style-type: none"><li>1.- Aplicar a axuda económica á finalidade para a que sexa concedida.</li><li>2.- Contribuír á normalización e integración social do núcleo familiar.</li><li>3.- Atender correctamente a educación dos menores ao seu cargo.</li><li>4.- Buscar canto antes solucións para non ter que depender destas axudas.</li><li>5.- Cumprir cos obxectivos marcados no plan de traballo familiar elaborado polos servizos sociais de atención primaria ou especializada.</li><li>6.- Comunicarlle nun prazo non superior a 15 días, ao órgano competente que tramita a axuda, calquera modificación que afecte a situación sociofamiliar dos beneficiarios.</li></ol>			
_____, de _____ de _____			
(Sinatura do solicitante)			

*ANEXO IV*

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTENER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES**

DON/DONA	NIF/NIE
----------	---------

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que non estou incurso/a en ningunha circunstancia que me inhabilite para ser beneficiario/a de axudas e subvencións, e en particular:
- Non fun condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non fun sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- Atópome ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teño pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Non teño pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

*Lugar e data:*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do solicitante)



ANEXO V

INFORME SOCIAL

Este informe social emítase para os efectos da solicitude de axuda de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación de menores no seu medio.

IDENTIFICACIÓN DO TRABALLADOR/A SOCIAL QUE EMITE O INFORME

DON/DONA	
<input type="text"/>	
Nº DE COLEXIADO	ORGANISMO/ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON / DONA		NIF/NIE
<input type="text"/>		<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	ENDEREZO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO/S	PROFESIÓN	SITUACIÓN LABORAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> EN ACTIVO <input type="checkbox"/> SEN OCUPACIÓN <input type="checkbox"/> PENSIONISTA

A unidade familiar ten aberto un expediente, con seis meses de antelación á publicación da resolución de axudas, por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor ou menores. Data de apertura .

Este informe     SI     NON    incorpora a información facilitada polo concello de  correspondente ao anterior lugar de residencia da unidade familiar.

COMPOSICIÓN FAMILIAR

Nome e apelidos	Parentesco	Data de nacemento	Ocupación	Problemáticas específicas
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

VIVENDA

TIPO DE VIVENDA	<input type="checkbox"/> VIVENDA UNIFAMILIAR <input type="checkbox"/> PISO/APARTAMENTO <input type="checkbox"/> OUTROS: <input type="text"/>	
RÉXIME DE TENZA	<input type="checkbox"/> PROPIEDAD <input type="checkbox"/> ALUGADA <input type="checkbox"/> OUTROS: <input type="text"/>	CONTÍA ABOADA MENSUAL: <input type="text"/>
CONDICIÓN DE HABITABILIDADE		
<input type="checkbox"/> ADECUADAS <input type="checkbox"/> INSALUBRIDADE/INHABILIDADE		
<input type="checkbox"/> DEFICIENCIAS DETECTADAS: <input type="text"/>		
LOCALIZACIÓN (ZONA)	<input type="checkbox"/> URBANA <input type="checkbox"/> RURAL <input type="checkbox"/> SEMIURBANA/RURAL <input type="checkbox"/> RURAL ILLADA	ACCESO A EQUIPAMENTOS E COMUNICACIÓN
		<input type="checkbox"/> BOAS <input type="checkbox"/> DEFICIENTES

PRESENZA DE MENORES CON NECESIDADES OU PROBLEMÁTICAS ESPECÍFICAS

Nome e apelidos	Idade	Necesidades ou problemáticas específicas
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

RELACIÓN FAMILIARES

DATOS DE INTERESE NA HISTORIA FAMILIAR
<input type="text"/>
SITUACIÓN ACTUAL
<input type="text"/>

### SITUACIÓN ECONÓMICA (INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR)

CONCEPTO		CONTÍA	
REDA PER CÁPITA			

### OBXECTIVOS DO PLAN DE TRABALLO DE INTERVENCIÓN NA FAMILIA

--

### NECESIDADES BÁSICAS NON CUBERTAS QUE SE PRECISAN CUBRIR COA AXUDA

<input type="checkbox"/> ALIMENTACIÓN	<input type="checkbox"/> ROUPA/CALZADO	<input type="checkbox"/> MATERIAL ESCOLAR	
<input type="checkbox"/> OUTRAS:			
OBSERVACIÓNS			

### VALORACIÓN PROFESIONAL

PROPOSTA			
DURACIÓN		CONTÍA	
PROFESIONAL QUE REALIZARÁ O SEGUIMENTO			

*ANEXO VI*

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS**

DON/DONA	NIF/NIE

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SOLICITEI E/OU ME CONCEDERON AS AXUDAS E SUBVENCÍONS:**

- Axudas solicitadas

<i>Denominación da axuda</i>	<i>Entidade ou organismo concedente</i>	<i>Importe mensual</i>	<i>Importe anual</i>	<i>Data solicitude</i>

- Axudas concedidas

<i>Denominación da axuda</i>	<i>Entidade ou organismo concedente</i>	<i>Importe mensual</i>	<i>Importe anual</i>	<i>Data de inicio da percepción</i>

*Lugar e data:*

, de de

(Sinatura do solicitante)

## ANEXO II

### Entidades de Colaboración para Adopción Internacional habilitadas en Galicia

ECAI	País no que realizan as adopcións	Data da habilitación Comunidade Autónoma de Galicia	Data da habilitación no país de orixe
ACI. Asociación para el Cuidado de la Infancia	China Filipinas Vietnam	23.01.2004 23.01.2004 31.07.2008	19.12.1997 04.09.2003 09.06.2008
ADECOP Galicia	Colombia Perú Panamá Vietnam	13.10.1997 13.10.1997 25.10.2007 19.12.2007	02.04.1998 21.01.1998 30.01.2007 05.09.2008
ADDIS-Galicia Asociación pro Dereitos da Infancia	Etiopía Burundi	18.03.2004 29.04.2010	28.10.2005 08.10.2009
BALBALIKA	Etiopía	15.02.2008	01.08.2006
BALMS-Fundación para la Infancia	Colombia	22.03.2005	01.02.2006
INTERADOP Galicia	China	19.06.2001	23.09.1998
	Vietnam	06.10.2008	12.09.2008
PIAO	China	25.06.2009	23.09.1998
	Etiopía	25.02.2009	01.07.2001